

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA TRECE DE OUTUBRO DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente acctal	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
Escusa asistencia	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día trece de outubro de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente accidental dona María Jesús Piñeiro Caldelas, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e sete de setembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia núm. 1.596/11 de don José Lobato Corbelle.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela, de aproximadamente 59 m. de lonxitude, con base de bloques, postes e arame, no lugar de Fontao, en solo de núcleo rural (N-1) e solo rústico de protección agropecuaria (R-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 m. de distancia dende o vial; garantirase o natural discurrir das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m. e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trinta e seis euros con setenta e un céntimos (#36,71#).

2.2.- Instancia núm. 1607/11 de don José Manuel Rendo Caneda

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela, de aproximadamente 30 m. con postes de madeira e malla de arame, no lugar de Reboredo, en solo de núcleo rural segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 4,00 m. de distancia dende o vial; garantirase o natural discurrir das augas, e no caso de existir unha servidume de augas, deberá obter previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#).

2.3.- Instancia núm. 1614/11 de don José Luís Pereira García.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a construción dunha rampla de acceso, no lugar de Sete.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: levaranse a cabo sen que interrompan o natural discurrir das augas, colocando un tubo de sección suficiente para permitir o paso de todas as augas e non inferior a 400 mm de diámetro. Ademais non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba e a rampla quedará ao mesmo nivel co vial de maneira que non sobresaia.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#).

2.4.- Instancia núm. 1613/11 de don José Antonio García Pernas

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a rehabilitación dun alboio de aproximadamente 78 m² en planta, repoñendo a uralita e mais a tella, situado en Sarandón, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais de acordo co establecido no artigo 3 do R.D 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta e nove euros con trinta e nove céntimos (#59,39#).

2.5.- Instancia núm. 1568/11 de don Luís Lugo Latas.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Salles, solicita licenza para a construción dun muro interior en parcela, con base de bloques e revestimento de pedra, de aproximadamente 35 m. de lonxitude, e mais para a pavimentación de entrada á vivenda (44 m²) e mais para a colocación de portal de acceso á parcela, no lugar de Laraño, en solo rústico de agrícola (R-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o portal será de 6,00 m. de distancia dende o eixe do vial municipal por ser un vial nivel IV en solo rústico; garantirase o natural discurrir das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso. Ademais en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a pedra a utilizar será do país.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros con cincuenta e seis céntimos (#50,56#)

2.6.- Instancia núm. 1605/11 de don Jesús Bouzón Alejandro.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Salles, solicita licenza para a construción dunha edificación auxiliar para garaxe, no lugar de Cibrán, en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 10% da parcela neta; nº Plantas B. Altura máxima da cornixa 3,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Julio Vázquez Suárez cun orzamento de 5.460,00 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado e en cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona.

2º.- Así mesmo e á vista do disposto na citada lei 9/2002, acéptase a cesión de viais segundo o disposto na documentación presentada ao efecto (42 m²).

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento nove euros con vinte céntimos (#109,20#).

2.7.- Instancia núm. 1639/11 de don José Manuel Castiñeiras Bouzón.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Andrés de Illobre, solicita licenza para a construción dun cerramento, de aproximadamente 70 m. de lonxitude, colocando malla de arame sobre postes existentes, no lugar de Viño grande, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 m. de distancia dende o vial; garantirase o natural discurrir das augas, e no caso de existir unha servidume de augas, deberá obter previo ao inicio

das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso, e a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de vinte e sete euros con seis céntimos (#27,06#).

2.8.- Instancia núm. 1576/11 de don José Villaverde Sánchez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, na que expón que con data 01/06/2010 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para proceder á parcelación e agrupación, en 3 fincas resultantes, de fincas situadas no lugar de Cibrán (San Xián de Sales), en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo de Expansión de Núcleo Rural (ordenanza N2), de acordo co proxecto técnico presentado asinado por don Juan Manuel Hermida Vázquez en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e de data 23 de marzo de 2010 e detectado erro na superficie dunha das fincas, solicita a modificación da licenza concedida.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda que se proceda a dilixenciar de novo o proxecto que contén os planos coa superficie das parcelas correcta.

2.9.- Instancia núm. 1497/11 de don Primitivo Agrelo Segade.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vila de Cruces, expón que a Xunta de Goberno concedeulle licenza para a construción dunha vivenda en Castro - Ponte Ulla, segundo o proxecto presentado polo arquitecto don Carlos Guillermo Fajardo Heredia (nº 45/08), e ao non existir na citada zona beirarrúas en ningunha marxe da estrada nin cotas das instalacións a executar, solicita autorización para realizar as conexións da vivenda á rede xeral existente e a execución da pavimentación en formigón da fronte da parcela ao non estar definido ningún tipo da mesma.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

3º.- Acordo, se procede, sobre recoñecemento de construcións e actividade da explotación avícola de galiñas campeiras en Ponte Ulla.

Detectado erro no acordo adoptado pola Xunta de Goberno de data 12/07/2011 no que se declaraba a incursión en situación legal de fóra de ordenación das naves existentes en Ponte Ulla, a Xunta de Goberno acorda deixar sen efecto o citado acordo.

De seguido dáse conta da instancia núm. 476/11 na que don Adrián García García, con domicilio en Sete -Santa Cruz de Ribadulla, solicita o recoñecemento das construcións e actividade situadas no lugar de Ponte Ulla (Ponte Ulla), nas que se desenvolve a actividade de explotación avícola de galiñas campeiras, nos termos da documentación que se acompaña asinada por Eladio Méndez Casal, en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola, e a que se achega polo solicitante.

A Xunta de Goberno á vista do disposto na Disposición transitoria 11ª.-Explotacións e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e serradoiros existentes, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e á vista do informe emitido para os efectos polos Servizos Técnicos Municipais acorda:

Recoñecer a existencia das construcións e a actividade que se desenvolve nas naves existentes sobre a parcela con referencia catastral: 8867501NH4386N0001HT, sita no lugar de Ponte Ulla (Ponte Ulla) nos termos da documentación presentada para os efectos. Así mesmo advertir ao titular que deberá modificar os datos catastrais nos termos da documentación recoñecida.

Esta declaración non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo a liquidación provisional, á cantidade de mil cincocentos noventa e dous euros con corenta e cinco céntimos (#1.592,45#).

4º.- Informe, se procede, sobre licenza de actividade para explotación avícola de galiñas poñedoras (mellora) en Ponte Ulla

Examinado o expediente promovido por don Adrián García García, segundo a súa solicitude núm. 1206 de data 5 de xullo de 2011, para licenza de actividade para *Explotación avícola de galiñas poñedoras (Mellora)* no lugar de Ponte Ulla (Ponte Ulla), sometida ao disposto no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental (DOG núm. 126, do 1 de xullo).

Tendo en conta que con data 19 de xullo de 2011 se emitiu informe polos Servizos Técnicos Municipais en sentido favorable; que o expediente estivo exposto ao público por un período de vinte días, téndose publicado o edicto de exposición no DOG número 170 de data 6 de setembro de 2011 e no BOP núm. 145 de data 1 de agosto de 2011, e téndose practicado notificación persoal aos veciños inmediatos ao lugar previsto de emprazamento da actividade; que por Secretaría se certificou a non presentación de alegacións.

De conformidade co disposto no artigo 9 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Informar favorablemente a solicitude que se tramita a instancia de don Adrián García García, en relación coa licenza de actividade de *Explotación avícola de galiñas poñedoras (Mellora)* no lugar de Ponte Ulla (Ponte Ulla); tendo en conta que as medidas propostas polo solicitante na documentación aportada ao expediente enténdense axeitadas.

2º.- Suspender o transcurso do prazo máximo para resolver durante o período que medie entre a remisión do expediente ao órgano ambiental competente e a comunicación ao concello da emisión do preceptivo ditame de incidencia ambiental.

3º.- Dar traslado do expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, para os efectos previstos no Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

5º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación da obra de reparación da cuberta do pavillón polideportivo municipal

Dáse conta do expediente tramitado para a adxudicación da obra de *Reparación da cuberta do pavillón polideportivo municipal*, con cargo á subvención outorgada pola Deputación Provincial dentro da convocatoria publicada no BOP núm. 274/2009, do 31 de decembro (expediente FO102A 2010/000060).

Examinada a documentación e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Levar a cabo as obras relativas á *Reparación da cuberta do pavillón polideportivo municipal*, mediante o procedemento de contrato menor, co contratista Construcciones Boqueixón, S.L, por un importe de doce mil douscentos setenta e cinco euros con setenta e seis céntimos (#12.275,76#) máis dous mil douscentos nove euros con sesenta e catro céntimos (#2.209,64#) de IVE, de acordo coa memoria redactada polo arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente á adxudicación da execución da obra con cargo á partida 341-622.

6º.- Aprobación certificación nº 1 e final da obra de Construción dunha beirarrúa en O Castro -Ponte Ulla.

Dáse conta da certificación núm. 1 e final da obra de *Construción dunha beirarrúa en O Castro (Ponte Ulla)*, que se levou a cabo por administración, subvencionada parcialmente pola Consellería de Economía e Industria ao abeiro da Orde do 22 de febreiro de 2011 (DOG do 03 de marzo) pola que se establecen subvencións a concellos de Galicia para a adecuación e modernización de equipamentos comerciais, en desenvolvemento do Plan Ágora, agora Comercia (expediente 2011/2), por importe de dezaioito mil cento cincuenta e dous euros con trece céntimos (#18.152,13#), sendo o director da mesma o arquitecto don Fernando Faya Martínez.

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar a citada certificación.

2º.- Declarar que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida e que se aplicaron os fondos destinados para tal efecto.

7º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

7.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de setembro do ano que andamos, pola que se ordena a contratación de dona Jacqueline Deverell como profesora de inglés con contrato por obra ou servizo determinado a xornada parcial.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data cinco de outubro do ano que andamos, pola que se acorda reiterar o contido da Resolución da Alcaldía de data 9 de setembro e polo tanto comunicarlle aos herdeiros de don José Gerpe Oreiro que dispoñen do prazo de un mes para proceder á limpeza de finca sita en A Torre -San Xián de Sales.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data seis de outubro pola que se acorda dar de baixa no tratamento de fisioterapia a don José Graña León por non asistir a recibir o mesmo dúas sesións consecutivas sen causa xustificada.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data seis de outubro pola que se acorda comunicarlle á empresa Invergar Marvil, S.L que no prazo de un mes deberá proceder á limpeza das parcelas pertencentes ao ámbito denominado SAU-1, sito en San Xián de Sales, e mantelas en condicións de seguridade, salubridade e demais segundo establece o artigo 9.1b) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dez de outubro do ano que andamos, pola que se lle aproba o 3º trienio a dona Clara Lema Rodríguez (3º) con efectos do 01/10/2011.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e cinco minutos.